

## ASISTENTES

Andrés Iglesias, Jesús de (PAS)  
Dafonte Gómez, Alberto (PDI-A)  
Ferreiro Vázquez, Óscar (PDI-B)  
Gómez Rodríguez, Alma María (PDI-A)  
González Santamaría, Pedro (PDI-B)  
Michinel Álvarez, Miguel Á. (SECRETARIO)  
Novás Míguez, Javier (PAS)  
Ríos Santomé, María José (PAS)  
Rubio Armesto, Belén (PRESIDENTA)

## ESCUSAN

Isorna Folgar, Manuel (PDI-B)

Acta da sesión extraordinaria da Comisión Ectoral da Universidade de Vigo do venres, 27 de maio de dous mil vinte dous, convocada ás 09:00 h. en primeira convocatoria e ás 09:15 en segunda.

O día **27 de maio de 2022** ás 09:15 h. deu comezo a xuntanza extraordinaria da Comisión Ectoral, presidida pola Vicerreitora de Investigación en funcións, por delegación do Reitor, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde día

### **1. Resolución do recurso de reposición presentado por D. José Óscar Rubiños López ante o acordo adoptado pola Comisión Ectoral, na súa sesión de 11 de maio de 2022.**

A presidenta indica que, ante o recurso presentado por D. José Óscar Rubiños López contra o acordo acadado na sesión do pasado 11 de maio por esta comisión, polo que se lle desestimaron as alegacións presentadas cara a súa eventual proclamación como candidato electo a representante no Claustro, ante a situación de empate producida, recibíuse informe da Asesoría Xurídica onde se indica que *“a Comisión Electoral, na contestación da reclamación ao interesado, realizou a aplicación e interpretación da normativa dentro das facultades e competencias que se lle confiren, estimándose axustado a dereito o criterio que aplica, baseado no artigo 54.7º do Regulamento Electoral Xeral”* (subliñado engadido).

Certamente, o recorrente alega que non foi empregado o mesmo criterio (preferencia do xénero menos representado no órgano) noutra designación de representante electo, pero tal actuación foi un erro, que será subsanado no punto seguinte. Non aportándose outros argumentos, procede manter o criterio seguido na sesión anterior e desestimar o recurso

Desestímase o recurso por asentimento.

### **2. Corrección, se procede, do erro detectado na adxudicación dunha praza de representante no Claustro Universitario no sector do alumnado.**

A presidenta sinala que, no recurso, como se indicou, alégase que, na designación de representantes electos ao Claustro no sector de alumnado dun centro, ante unha situación de empate, optouse por erro polo candidato do xénero máis representado. Segundo a Asesoría Xurídica *“unha vez detectado o erro, debe corríxirse para adecuarse á realidade material, posto que a aplicación das regras xurídicas resulta clara e igual para tódolos casos, producíndose máis ben neste caso un erro material”*.

Neste sentido, cabe lembrar o disposto polo artigo 109.2º da Lei 39/2015, de 1 de outubro, onde se indica que *“las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier*

*momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos”.*

Apróbase, por asentimento, corrixir o erro detectado.

### **3. Resposta ao escrito presentado por D. Jorge Falagan Mota en relación coas eleccións ao Decanato da Facultade de CC. Económicas e Empresariais.**

A presidenta sinala que se recibiu un escrito dirixido polo profesor Jorge Falagan Mota á Comisión Ectoral en relación cunha cuestión formulada á Xunta Electoral da Facultade de Ciencia Económicas e Empresariais, relativo ás eleccións a decanato na dita facultade, ao non ter obtido resposta da dita xunta.

Non obstante, na Secretaría Xeral consta que a resposta foi enviada con posterioridade á recepción do escrito do dito profesor, polo que non corresponde xa dar resposta, dado que o órgano competente e inquirido é a Xunta Electoral de centro.

Apróbanse, por asentimento, non dar resposta ao fondo do escrito presentado, remitindo unicamente o acordo da Comisión a este respecto.

### **4. Delegación na Secretaría Xeral de asuntos de trámite en materia electoral ata a constitución da nova Comisión Ectoral.**

A presidenta solicita, ante a próxima toma de posesión do equipo de goberno e a renovación da representación no Claustro, que conleva unha nova Comisión Ectoral, delegar na Secretaría Xeral os asuntos de trámite que poidan xurdir nas materias obxecto desta comisión ata a constitución da nova.

Apróbase por asentimento a delegación.

### **5. Aprobación da acta correspondente a esta reunión, do venres 27 de maio de 2022.**

A presidenta propoñe que a comisión aprobe nesta mesma sesión a acta da mesma, da que dá lectura o secretario.

Apróbase a acta por asentimento.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 09:30 h do día 27 de maio de 2022, da que eu como secretario xeral dou fe co visto e prace da presidenta por delegación da Comisión Electoral

A presidenta da Comisión Electoral

O secretario da Comisión Electoral